

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, PARA O FINANCIAMENTO DUNHA APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA A XESTIÓN DUN SISTEMA INTEGRADO DA INFORMACIÓN SOBRE A LOCALIZACIÓN E SEGUIMENTO DAS ESPECIES DE FLORA E FAUNA SILVESTRES EN GALICIA

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (en diante CMAOT), e no seu nome e representación Dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e no seu nome Dona María del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN:

Primeiro.- Este acordo ten por obxectivo establecer a colaboración entre a CMAOT e a Amtega para o financiamento dunha aplicación informática para a xestión dun sistema

integrado da información sobre a localización e seguimento das especies de flora e fauna silvestres en Galicia.

Segundo.- Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Terceiro.- Que a CMAOT, en virtude do establecido no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas ,entre outras competencias, a conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xea da Comunidade Autónoma galega, a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen e a conservación específica dos espazos que compoñen a Rede Galega de Espazos Protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

Para acadar parte de estas metas, a CMAOT asume a xestión da submedida 7.6 “*Estudos e inversións vinculados á conservación do patrimonio cultural, natural e sensibilización ecolóxica*” no marco do Programa de Desenvolvemento Rural 2014_2020 (PDR), cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) , aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015.

Con cargo a esta submedida financiaranse, entre outros, proxectos orientados á posta en valor da riqueza natural e os plans de xestión da vida silvestre , enmarcados nos plans xerais de conservación e xestión medioambiental da administración autonómica e/ou aqueles incluídos especificamente en instrumentos de planificación ou coherentes con estes.

Neste sentido, e de acordo coa Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade , o Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade constitúe un dos instrumentos principais para o coñecemento e a planificación do patrimonio natural e da biodiversidade, xunto co Plan Estratéxico Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade e os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais.

O obxectivo principal deste inventario é permitir dispoñer dunha información obxectiva, fiable e comparable, o máis actualizada posible, que permita identificar e coñecer o estado e tendencias do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Incluirá, entre outros, diversos compoñentes, como mapas, inventarios, listados ou catálogos polos que se recolle información relativa, entre outras, á distribución, abundancia, estado de conservación e utilización das especies de fauna e flora que precisen medidas específicas de conservación ou que teñan sido declaradas de interese comunitario, e tamén información sobre os efectos negativos, incluíndo instrumentos que recollan información sobre riscos sobre o Patrimonio natural e a Biodiversidade.

Gran parte desta información está dispoñible aínda que, en moitos casos, de xeito disperso, heteroxéneo ou de difícil acceso. Resulta polo tanto imprescindible organizar a información establecendo as canles para o intercambio e harmonización da información xa existente e a actualización e incorporación de nova información. A información contida no Inventario poderá completarse coa información xerada por organizacións científicas ou profesionais independentes e ademais quérese contar coa participación de toda a sociedade a través de instrumentos participativos.

Segundo o establecido no Real Decreto 556/2011, do 20 de abril, para o desenvolvemento do Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, a información deberá poñerse a disposición da cidadanía, facilitando a súa busca, visualización e descarga, utilizando para isto os soportes tecnolóxicos que mellor permitan a súa difusión e dispoñibilidade.

Por outra banda, o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, aprobado mediante o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, contempla entre os seus obxectivos xerais de conservación para a Rede Natura 2000 que se debe asegurar a vixilancia e seguimento periódico do estado de conservación dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats e especies de interese comunitario e das especies de aves mencionadas no artigo 4 da Directiva 2009/147/CE (directiva aves) e dos seus hábitats. Así mesmo, o citado instrumento de planificación establece que se debe ampliar o coñecemento técnico e científico sobre todos os elementos obxecto de conservación e os seus condicionantes ecolóxicos, de forma que redunde nunha mellor xestión da Rede Natura 2000.

O Plan director define como especies de interese para a conservación aquelas especies dos anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE, especies de aves migratorias e aves do anexo I da Directiva 2009/147/CE, as especies incluídas no Catálogo español de especies ameazadas (regulado mediante o Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro) e aquelas outras incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, publicado mediante o Decreto 88/2007, do 19 de abril.

Por último, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, considera como principio a conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética. Para isto contéplase a participación pública, a través da cooperación e colaboración activa dos sectores sociais e económicos implicados asumindo unha responsabilidade compartida nesta conservación, sendo necesario para isto impulsar procesos de mellora na sostenibilidade do desenvolvemento, asociados a espazos naturais protexidos e a garantía da información e participación da cidadanía.

Cuarto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo

coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Quinto. Desde a efectividade da integración na Amtega dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións da CMAOT, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións corresponde, con carácter exclusivo, á Amtega.

Non obstante, en atención a súa tipoloxía, os expedientes financiados con fondos FEADER continuarán sendo xestionados pola CMAOT ata que pola Amtega se cumpran todos os requisitos legalmente establecidos para asumir a xestión antedita.

Tendo isto en conta, e de cara a conciliar esta excepción coa competencia exclusiva da Amtega para a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, cómpre levar á cabo este acordo de colaboración para o soporte dos traballos, cofinanciados con FEADER, que teñen como obxecto principal o desenvolvemento de sistemas de información vinculados a xestión da biodiversidade; traballos que deben ser dirixidos, e coordinados pola Amtega.

Tendo en conta o anterior, a CMAOT e a Amtega manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. -Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a CMAOT e a Amtega para o desenvolvemento dun sistema integrado de información que dea soporte á xestión dos datos de localización e seguimento das especies de flora e fauna silvestres en Galicia.

Segunda.- Financiamento

O importe da achega da CMAOT para a execución do proxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de sesenta mil euros (60.000€), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

- Anualidade 2017: 20.000,00 €
- Anualidade 2018: 40.000,00 €

Este importe será obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades indicado, na seguinte aplicación orzamentaria do seu orzamento: 07.03.541B.626.0 (código de proxecto 2016 00068).

Actuación e aplicación orzamentaria	Ano 2017	Ano 2018	Total (IVE incluído)	
07.03.541B.626.0	20.000,00 €	40.000,00 €	60.000,00 €	75% FEADER 17,50% Xunta de Galicia 7,50 % Fondos do Estado

Esta actuación encádrase dentro da medida submedida 7.6 “*Estudos e inversións vinculados á conservación do patrimonio cultural, natural e sensibilización ecolóxica*” no marco do Programa de Desenvolvemento Rural 2014_2020 (PDR), cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015.

Terceira.- Actuacións a desenvolver

Ao abeiro do presente acordo, pola Amtega, desenvolveranse as seguintes actuacións:

- a) Desenvolver o sistema descrito na cláusula primeira, de acordo coa funcionalidade e necesidades establecidas pola CMAOT, e dentro dos límites orzamentarios deste acordo, que permitirá as seguintes funcionalidades:

1. Incorporación de datos básicos de localización e distribución espacial das especies de flora e fauna silvestres e outra información asociada (como o estado do seu hábitat e factores de ameaza principais), que permita o seu seguimento.
2. Validación por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural dos datos incorporados, tanto dos recollidos por persoal da administración como dos proporcionados por axentes externos.
3. Visualización da información recollida mediante cartografía asociada.
4. Explotación da información recollida (informes e consultas).

O desenvolvemento de cada unha das fases seguirá o seguinte cronograma e polo seguinte orde e prioridade:

- Documentación técnica e proposta gráfica da aplicación móbil de recollida de datos en campo.
- Aplicación móbil de captura de datos en campo.
- Visor xeográfico e informes de explotación de datos.

Non obstante, de ser posible, e co gallo de acurtar os prazos poderase traballar en varias fases en paralelo.

Cuarta. Compromisos das partes.

Ao abeiro deste acordo, pola Amtega, desenvolveranse os seguintes compromisos:

- a) A tramitación administrativa e a adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de ser o caso. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.
- b) O seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.
- c) O cumprimento das medidas de información e publicidade establecidas no cláusula quinta deste acordo.

d) O cumprimento e seguimento dos pasos e documentos establecidos no Manuel de Procedemento para a xestión da medida FEADER.

e) A emisión dunha memoria vinculante sobre a correcta realización dos traballos.

Ao abeiro deste acordo, pola CMAOT o seguinte compromiso:

a) A tramitación económica e o financiamento dos expedientes de contratación a que se dera lugar.

b) A CMAOT será a responsable de aboarlle ao contratista ou contratistas os servizos prestados, nos termos establecidos no contrato e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade e certificados pola Amtega.

A Amtega e a CMAOT, desenvolverán de xeito conxunto os seguintes compromisos:

a) Na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou proxectos participarán conxuntamente a CMAOT e a Amtega.

b) O órgano de contratación estará asistido, se fose necesario, por unha Mesa de Contratación que estará constituída por persoal da Amtega, e un representante designado pola CMAOT. Tamén poderá participar persoal de ambas partes na emisión dos informes técnicos.

Asemade desenvolverase polas partes calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a CMAOT e a Amtega, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería recollido na cláusula segunda. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega.

Quinta.- Medidas de publicidade do FEADER

En todas as actividades e resultados vinculados á execución deste acordo deberá cumprirse coa normativa que, en materia de publicidade, se recolle no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, do 17 de xullo, polo que se establecen as

disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do FEADER.

Sexta- Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata que finalice a execución de todos os contratos previstos, como máximo ata o 15 de decembro de 2018.

Sétima.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

A conselleira de Medio Ambiente
e Ordenación do Territorio

A directora da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

Beatriz Mato Otero

María del Mar Pereira Álvarez